

# FICHA – As plantas **2**

1.- Vocabulario científico da unidade:

Palabra	Definición

2.- Explica mediante un exemplo a diferenza entre nastia e tropismo.

3.- Que é a clorofila?

4.- Realiza un esquema de claves sobre as partes dunha planta.

5.- Indica algúns dos factores que poden influír na forma que ten unha raíz.

6.- Cal é a diferenza entre herbáceo e leñoso?

7.- Cal é a función das espiñas que teñen algunhas plantas no seu talo?

8.- Busca tres árbores e indica o tipo de folla que ten cada unha.

9.- Pescuda en Internet o nome de tres plantas anxiospermas e tres ximnospermas.

10.- Busca algunha outra árbore, ademais do piñeiro, que teña falsos froitos e explica en que consiste.

11.- Cales son as diferenzas entre un fento e o musgo?

12.- Fai un gráfico – esquema que amose o proceso que ocorre dentro dunha planta para obter a súa enerxía coa luz solar.

13.- Que ocorre coa respiración das plantas cando non hai luz?

14.- Que zume podemos atopar na raíz?

15.- Unha das formas de obter novas plantas empregada moito en agricultura e xardinería é a reprodución por **escallos**. Explica en que consiste.

16.- Con moitas árbores froiteiras fanse **enxertos**, explica en que consiste e cal é o motivo de que se faga.

17.- Fai un debuxo esquemático da parte masculina da flor e da feminina.

18.- Busca o nome de dúas plantas que teñan flores diferenciadas polo sexo.

19.- Que é a fecundación nas plantas?

20.- O máis normal é que o pole dunha flor dunha planta chegue ao pistilo da flor doutra planta. A que se debe que o pole non chegue ao pistilo da mesma flor?

21.- Nunha mazá, en que se converteu o ovario e o óvulo.

22.- Para que unha semente xermine debe de atopar boas condicións. Que quere dicir isto?

23.- O uso de pesticidas, os monocultivos e o impacto do cambio climático son, entre outros, os causantes do gran descenso da poboación de abellas en Europa. Que consecuencias cres que pode ter este descenso da poboación de abellas para nós?